

NORMAS BÁSICAS DO XOGO DA CHAVE

En Ourense, Pontevedra e Vigo xógase coa chave de aspas ou pas que viran en sentido horizontal e que son de lonxitude diferente, situándose a máis pequena arriba e a máis grande abaxo.

As normas básicas do xogo son:

- Xógase en parellas ou individual.
- Cada xogadora ou xogador lanza catro pellos na súa man de xogo.
- As partidas xóganse a un número de tantos acordado de antemán.
- Os tantos conséguense por bater nas pas ou no eixo da chave.
- Cando se golpea no eixo súmase 1 punto, cando se golpea na pa máis grande súmanse 2 puntos, cando se golpea na pa máis pequena súmanse 3 puntos.
- Se o pello antes de bater na chave golpea o chan non será tanto válido.

Sobre estas normas hai pequenas variacións segundo o lugar onde se xogue